


RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE XULLO DE 2017 POLA QUE SE DETERMINA A APLICACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS CORRESPONDENTES AOS ESTUDOS DE GRAO, MÁSTER E DOUTORAMENTO CURSADOS POLO ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS, QUE NON TEÑA A CONDICIÓ DE RESIDENTE, EXCLUÍDOS OS NACIONAIS DE ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA E AQUELES A QUEEN SEXA DE APLICACIÓN O RÉXIME COMUNITARIO

A regulación dos prezos públicos e dereitos dos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional ven establecida no artigo 81.3b) da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, na redacción dada polo Real Decreto-Lei 14/2012, do 20 de abril, onde se determina que serán as Comunidades Autónomas quen fixarán os mesmos nas súas respectivas universidades . O mesmo artigo establece no seu apartado segundo que os prezos públicos poderán cubrir ata o 100% dos custes das ensinanzas universitarias de Grado e Máster cando se trate de estudantes estranxeiros maiores de dezaioito anos que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, sen prexuízo do principio de reciprocidade. así como aqueles estudantes de nacionalidade de marroquí que non tiveran iniciado os seus estudos universitarios cando entrou en vigor o Convenio de Asociación Estratéxica en materia de Desenvolvemento e de Cooperación Cultural, Educativa e Deportiva entre o Reino de España e o Reino de Marrocos, do 3 de outubro de 2012..

En desenvolvemento de esta Lei aprobouse o Decreto 65/2017, do 6 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2017/2018. Nel determínase, no seu artigo 2º punto 5, que cada Universidade establecerá, por resolución reitoral, os prezos que aboará pola matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento o alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos, que non teña a condición de residente, excluídos/as os/as nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles/as a quen sexa de aplicación o réxime comunitario.

Estes prezos oscilarán entre o 25 % e o 100 % do custo de referencia fixado para cada unha das epígrafes da Tarifa primeira do Anexo do devandito decreto; custo que foi establecido no artigo 2.1 do Decreto 154/2012, de 12 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas ensinanzas universitarias para o



curso 2012/2013. De acordo co Decreto 65/2017, do 6 de xullo, esta resolución deberá motivar a decisión adoptada.

Dada a situación macroeconómica actual, unha vez valoradas as posibles repercusión no contorno social e académico, en relación cos estudos tanto de grado como de máster, parece conveniente aplicar un prezo público non subvencionado que cubra o 100% do custe de referencia establecido no artigo 2 do Decreto 154/2012, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional na ensinanza universitaria para o curso 2012/2013, para os estudantes estranxeiros maiores de dezaioito anos e non nacionais de Estados membros da Unión Europea ou nacionais de Estados ós que se lle aplica o réxime comunitario así como así como aqueles estudantes de nacionalidade de marroquí que non tiveran iniciado os seus estudos universitarios na entrada en vigor do Convenio de Asociación Estratéxica en materia de Desenvolvemento e de Cooperación Cultural, Educativa e Deportiva entre o Reino de España e o Reino de Marrocos, do 3 de outubro de 2012, ao abeiro do seu artigo 39.

O incremento ao 100% do custe de referencia en Grado é consecuencia da reformulación do Programa de Atención a Estudantes Extracomunitarios (PATEX), de conformidade co establecido no Acordo do Consello de Goberno da USC, aprobado na súa sesión extraordinaria do 30 de marzo de 2016 e do Consello Social do 26 de maio de 2016.


En virtude das razóns antes expostas e da competencia que lle atribúe o mencionado artigo 2º punto 5 do Decreto 65/2017, do 6 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2017/2018, esta

REITORÍA

RESOLVE

Primeiro.

Establécense no ANEXO os prezos públicos correspondentes aos estudos de grao, máster, e doutoramento cursados polo alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos, que non teña a condición de residente, excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, así como así como aqueles estudantes de nacionalidade de marroquí que non tiveran iniciado os seus estudos universitarios na entrada en vigor do Convenio de Asociación Estratéxica en materia de



Desenvolvemento e de Cooperación Cultural, Educativa e Deportiva entre o Reino de España e o Reino de Marrocos, do 3 de outubro de 2012, ao abeiro do seu artigo 39.

Segundo.

O prezo relativo ás ensinanzas de grao e de máster será o 100% do custe de referencia establecido na disposición transitoria do Decreto 154/2012, do 12 de xullo, de conformidade co Programa de Atención a Estudiantes Extracomunitarios (PATEX) aprobado polos órganos de goberno da USC. Este prezo poderá variarse por Resolución Reitoral específica para determinados máster interuniversitarios, a proposta das comisión académicas ou coordinadores, e para os efectos de poder ter o mesmo réxime de prezos no máster en todas as universidades.

Terceiro.

Os prezos públicos referentes as ensinanzas de doutoramento para aqueles alumnos maiores de dezaioito anos, que non teña a condición de residente, excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitarios así como así como aqueles estudantes de nacionalidade de marroquí que non tiveran iniciado os seus estudos universitarios na entrada en vigor do Convenio de Asociación Estratéxica en materia de Desenvolvemento e de Cooperación Cultural, Educativa e Deportiva entre o Reino de España e o Reino de Marrocos, do 3 de outubro de 2012, ao abeiro do seu artigo 39, serán os establecidos no punto 2 do anexo á presente resolución, tomando de referencia o prezo establecido na Tarifa primeira do Decreto de prezos para o curso 2017-18 aumentados nun 100% co obxectivo de facer fronte a parte dos custes reais dos programas e asimilarse ós prezos que para este tipo de ensinanzas establecen a maioría das universidades públicas españolas .

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017



O Reitor



Juan M. Viaño Rey

ANEXO

1 Prezo público para as ensinanzas de grao e de máster para os alumnos estranxeiros maiores de dezaioito anos, que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario.

	Prezo total	Prezo por crédito
Epígrafe A)	5.170 €	86,17 €
Epígrafe B)	3.650 €	60,83 €

Epígrafe A) Titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, CC da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura	Epígrafe B) Titulacións encadradas dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas
---	---

2 Prezo correspondente aos estudos conducentes á obtención do título de doutor

Titoría anual de Doutoramento	400€
-------------------------------	------

